

SÁBADO 17 DE ABRIL de 10 a 14 horas:

Módulo IV: "Prácticas de laboratorio sobre cambio climático" (4 horas de formación presencial)

- Práctica para o recoñecemento da capacidade do océano para a regulación da temperatura.
- Práctica de simulación dos efectos do desxeo dos polos.
- Práctica de simulación de formación de borrascas e ciclóns.
- Práctica de identificación de contaminantes na auga e na atmosfera.
- Práctica de observación meteorolóxica sistemática.

SÁBADO 24 DE ABRIL de 10 a 14 h.:

"Módulo V: Didáctica multimedia en Climántica" (4 horas de formación presencial)

- As actividades dixitais "Aprendemos coas Escolas Climánticas".
- Actividades do vídeo xogo CLMNTK.
- A didáctica multimedia no proxecto Climántica.

SÁBADO 5 DE XUÑO de 10 a 14 h.:

- Posta en común da fase non presencial de investigación – acción.

OBSERVACIÓNS:

- Vai a ser unha metodoloxía eminentemente práctica. Os coñecementos serán teórico - prácticos e as exposicións teóricas irán apoiadas por material didáctico en formato guía en papel e sempre relacionadas coas actividades prácticas ás que fundamentan.
- No módulo relativo á administración e xestión de blogs, as clases desenvolveranse na aula de informática con un número máximo de 2 docentes por ordenador. Usaranse ademais dos tutoriais en papel, outros a modo de películas que reproducen na pantalla do ordenador todos os procesos que hai que seguir, podendo reproducilos todas as veces que se precise. O blog guía actuará como soporte desta formación ao longo do curso escolar.
- No nivel de informática, partírase dun nivel de usuario básico para chegar a comprender os fundamentos educativos e didácticos dos blogs.

- Practicaranse as actividades dixitais e as do vídeo xogo CLMNTK ata acadar un nivel de seguridade suficiente para levalas á aula e faranse as oportunas valoracións didácticas.
- A posta en práctica terá que ver coa elaboración de unha actividade TIC e coa publicación e correspondente valoración da publicación de dous posts no blogue do curso.
- Para a posta en común das actividades TIC na aula, disporase da asesoría dos poñentes do curso.
- Todos os recursos do curso correrán por conta da organización.
- A media mañá servirase un café con repostería.
- Os gastos de desprazamento correrán por conta dos asistentes

CURSO PUBLICADO EN:

fprofe

Formación de profesorado

<https://www.edu.xunta.es/fprofe>

ATÓPASE EN:

<https://www.edu.xunta.es/fprofe/procesaConsultaPublica.do>

ÁREA: Temas transversais

CFR: Servizos centrais

O programa detallado pode descargarse en:

www.climantica.org apartado "Formación".

Para máis información:

climantica@climantica.org

COMPETENCIAS BÁSICAS EN CLIMÁNTICA



FINALIDADE:

- Practicar as metodoloxías para a aplicación das competencias básicas TIC e aprender a aprender no marco do proxecto Climántica no 3º ciclo de Educación Primaria e en 1º de ESO.

NIVEL, CICLO, ÁREA:

- Terceiro ciclo de Educación primaria e Primeiro de ESO.

MODALIDADE:

- Curso presencial.

DESTINATARIOS:

- Mestres de Educación Primaria e profesores de 1º de ESO.

Nº DE PRAZAS:

- 50.

CRITERIOS DE SELECCIÓN:

- Os criterios xerais do plan anual de formación.

LUGAR DE CELEBRACIÓN:

- Facultade de Físicas no campus Sur da Universidade de Santiago de Compostela.

RECEPCIÓN DE INSCRICIÓNS:

- Consellería de Educación e Ordenación Universitaria Sistema de Xestión da Formación do Profesorado <http://www.edu.xunta.es/fprof>

DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN:

- 25 de febreiro de 2010.

DURACIÓN:

- Total 30 horas.

TEMPORALIZACIÓN:

- 24 horas pola asistencia a obradoiros presenciais e as demais horas recoñécense polas prácticas con edublogs de aula. Sesións presenciais: os sábados 6 e 13 de marzo, 10, 17 e 24 de abril e a posta en común o sábado 5 de xuño de 10:00 ás 14:00 horas, coa posta en común, tamén de 10:00 ás 14:00 horas.

OBXECTIVOS:

- Acadar as bases metodolóxicas necesarias para introducir os edublogs de Climántica nas clases.
- Reflexionar sobre as actividades interactivas e obradoiros de Aprendemos coas Escolas Climánticas.
- Avaliar o potencial educativo do videoxogo sobre territorio, enerxía e cambio climático CLMNTK.

CONTIDOS:

- Evidencias do cambio climático.
- Consecuencias do cambio climático.
- Abordando o reto do cambio climático desde a memoria histórica familiar sobre o clima, a mobilidade, consumo enerxético e xestión de residuos.
- A metodoloxía para o uso educativo dos blogs de Climántica.
- A webquest como recurso e demais investigación.
- Simulación de decisións sobre xestión do territorio, e da enerxía para o reto do cambio climático.
- Alimentación correcta.
- Hábitos de mobilidade saudable.
- Consumo xusto.
- Actividades dixitais de Climántica.
- Xogos de rol e dinámicas de grupo.

ACTIVIDADES:

SÁBADO 6 DE MARZO de 10 a 14 horas

Módulo I: "Actividades interactivas 2.0 de Climántica"

- Presentación do proxecto Climántica e do seu modelo de aplicación en Primaria por competencias básicas "Aprendemos coas escolas Climánticas" e de aplicación no primeiro ciclo de ESO "Climaeucambio".
- Competencias básicas en Climántica.
- Introducción ao uso educativo dos sistemas de blogs de Climántica para a Educación Primaria e para primeiro ciclo de ESO.

SÁBADO 13 DE MARZO de 10 a 14 horas

Módulo II: "Xestión educativa dos blogs de Climántica"

- Utilidades dos edublogs para o desenvolvemento das competencias básicas TIC en niveis de competencia curricular 11-13 anos.
- Traballo con Wordpress: activación, selección de plantilla, creación de categorías, configuración e administración do blog e de usuarios.
- Publicación do primeiro post: creación dun post, inclusión de imaxes, vínculos, vídeos e sons.

SÁBADO 10 DE ABRIL de 10 a 14 horas

Módulo III: "Introdución dos blogs de Climántica nas aulas"

- Integración do blog no traballo dunha materia nunha aula: dinámicas previas na aula, visitas guiadas ao blog guía, normas de publicación, consulta de categorías, avaliación da participación dos estudantes, o blog como un caderno de aula.
- WebQuest: orixe da técnica, tarefa (busqueda selectiva de información en internet, a tarefa e as súas taxonomías, estrutura duha WebQuest, creación dunha WebQuest en Climaeucambio), o modelo de avaliación da webQuest e ¿que hai detrás dunha WebQuest?
- Discusión e argumentación: papel do docente en entornos constructivistas, análise dunha discusión, dinamización e orientación das discusións, estrutura dunha discusión: discusións paralelas e complementarias, proceso (pasos para o deseño dunha discusión e creación dunha discusión no foro (Climaeucambio), un modelo de avaliación dunha discusión .
- Outras técnicas didácticas baseadas en internet: miniquests, cazas do tesouro e viaxes virtuais.

SÁBADO 17 DE ABRIL de 10 a 14 horas:

Módulo IV: "Prácticas de laboratorio sobre cambio climático" (4 horas de formación presencial)

- Práctica de identificación de gases de efecto invernadoiro.
- Práctica de simulación do efecto invernadoiro.
- Práctica para a interpretación da circulación atmosférica e oceánica.